




galicia Nos Sentidos | 2000

galicia Nos Sentidos | 2000



SANTIAGO DE COMPOSTELA
CIDADE EUROPEA DA CULTURA DO ANO 2000



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO
DIRECCIÓN XERAL DE PROMOCIÓN CULTURAL

www.xunta.es/conselle/cultura

D.L.: C - 798/2000



2000

galicia
Nos Sentidos

O son da palabra

PROGRAMA

PONTEVEDRA

Praza da Leña

12 maio. ■ 12:00 h

Carmen Kruckenberg

Poesía

Trío Ernesto Campos

Música

**Carmen Kruckenberg**

Vigo, 1926. Estudiu en Vigo pero a súa cultura fíxose línido, estudiando e percorrendo o mundo. Destas experiencias naceu o libro *Vivir*, aventura irrepertible (1998). Entre outras obras, ten publicado en galego *Cántigas do vento* (1956), *Canibal d'ouro* (1962), *A sombra ergueita* (1976), *Cántigas para un tempo esquecido* (1986), *Alegoría do ensono ferido* (1992), *Meditacións á beira da noite* (1997), *Jazz espido* (1999), ademais de once libros en castelán, traducións e arredor de douscentos artigos en diarios e revistas, sobre todo en *Faro de Vigo*.

Trío Ernesto Campos

Naceu no ano 1999 co obxecto de acompañar musicalmente a poesía de María do Carme Kruckenberg. Os seus compoñentes son: Lucía Alonso (zanfoña), Marcos Estévez (fautas), Ernesto Campos (guitarra).

*QUIXERA ter palabras para barallar a noite
que me chega o universo.
Escoller os camiños na estreiteza do silencio,
E navegar as profundidades das areas mortas.
Enganar a miseria dos soños desleigados
Que eternizan os laios que chorou a inxustiza.
Procurar a beleza salgada na guitarra,
E mesturar os desexos nas sombrías alboradas,
para cantarlle o amor a saudade dunha magoa.
Nomear o sufrimento dun reiseñor namorado
e acalar a fantasía seriamente acoitelada.*